A POBOACIÓN EN ESPAÑA E EUROPA

Escribe unha X (maiúscula na que sexa correcta)

1 **Na actualidade, a natalidade e a mortalidade en España son...**

a. baixas.

b. altas.

c. alta a primeira e baixa a segunda.

2 **Para saber se a poboación dun lugar aumenta ou diminúe, cómpre calcular…**

a. o número de nacementos. **b.** o saldo natural e o migratorio. **c.** a densidade de poboación.

3 **O envellecemento da poboación prodúcese porque…**

a. aínda que nacen moitos nenos, a mortalidade é moi baixa.

b. aínda que nacen moitos nenos, a esperanza de vida é moi alta.

c. nacen cada vez menos nenos e vívese máis anos.

4 **Desde o punto de vista do traballo, a poboación clasificase en…**

a. poboación ocupada e poboación parada.

b. poboación ocupada e poboación inactiva.

c. poboación activa e poboación inactiva.

5 **Chámaselle inmigrante á persoa que…**

a. abandona o seu lugar de residencia.

b. chega de fóra para residir nun lugar.

c. marcha do campo para vivir na cidade.

6 **A partir da década de 1960, o principal destino da emigración española foi…**

a. América. **b.** Europa. **c.** Asia.

7 **Hoxe, a poboación estranxeira en España supera…**

a. os 5 millóns. **b.** os 15 millóns. **c.** as 500.000 persoas.

8 **As nacionalidades estranxeiras máis numerosas en España son…**

a. ecuatoriana e marroquí. **b.** chinesa e colombiana. **c.** romanesa e marroquí.

9 **A densidade de poboación dun lugar calcúlase dividindo…**

a. a natalidade entre a mortalidade.

b. a superficie en quilómetros cadrados entre os seus habitantes.

c. os seus habitantes entre a superficie expresada en quilómetros cadrados.

10 **A poboación europea vive fundamentalmente…**

a. no campo. **b.** nas cidades. **c.** no norte do continente.

LIVEWORKSHEETS